



HIGH HOPES

Gran Bretaña | 1988 | 100 min | Comedia

DIRECTOR Mike Leigh

GUIÓN Mike Leigh

MÚSICA Andrew Dickson

FOTOGRAFÍA Roger Pratt

INTÉRPRETES Philip Davis, Ruth Sheen, Edna Doré, Philip Jackson, Heather Tobias, Lesley Manville, David Bamber, Jason Watkins, Judith Scott, Cheryl Prime, Diane-Louise Jordan, Linda Beckett

SINOPSE Londres, mediados dos oitenta, os últimos estertores da primeira ministra, Margaret Thatcher, provocaron a morte de certos ideais. Fronte a este panorama gris, un pequeno grupo humano, sensiblemente confundido, sen gusto, segue albergando grandes esperanzas.

HIGH HOPES: TIGRES DE PAPEL

High Hopes, a segunda longametraxe na que Mike Leigh se revela como o máis radical fustrigador do *Maggie-way-of-life* (a contrarrevolución conservadora abandeirada pola Dama de Ferro) é, en realidade a súa primeira obra realizada para a gran pantalla, porque *Meantime* (a súa espléndida *opera prima*, que se poderá ver tamén neste ciclo) foi orixinalmente realizada para televisión e só a súa entidade de cine grande e o éxito posterior do seu proteico elenco —Gary Oldman, Alfred Molina, Tim Roth— contribuíron a darlle a visibilidade que hoxe posúe.

Do absoluto anonimato, e aí seguen, máis alá do recordo que se teña dos seus personaxes de desesperanzados idealistas, proveñen os protagonistas de *High Hopes*: cando falan, nos seus diálogos —en aparencia derivativos, espontáneos, pero produto dun guión férreo— respírase o derrotismo do que foron arengas e agora soan como lamentos. Eles representan o que foi o século das ideoloxías fortes (ou dos seus escallos máis fráxiles; hai, a custa do trotskismo dun deles, algún sarcasmo afiado), agora arredado polo vendaval xa entón neo ou paleo-com.

Estes quixotescos idealistas falan desde o desamparo, desde o desconcerto, desde o frío corporal do que non os preservan nin as súas pezas de la tan andinas e propias do sesenta



e oito. Destes diálogos de vermellos de salón ou de beirarrúa e loita real enténdese que non superaron que o *non pasarán* quedou desbordado polo *blitzkrieg* do *xa pasamos*. E, dato non anecdótico, este drama sardónico, ou esta corrosiva comedia —como mellor se queira ver *High Hopes*, cuxa ironía aniña xa no seu título— está filmada uns meses antes de que o Muro de Berlín sexa derrubado. *Xa pasaron* e o que queda é a palabra, como Blas de Otero sustentaba de xeito combativo e como tamén Mike Leigh filma con bastantes máis dúbidas sobre a súa validez en termos de pragmatismo. A estes tigres de papel de *High Hopes* quedálles —é irrefragable— o verbo afiado, a capacidade para autocompadecerse. E a palabra como autodefensa fronte a esa parella reconvertida ao thatcherismo que enlaza directamente co sádico personaxe que satisfacía os seus apetitos sexuais, como dereito de pearnada, coa malograda Katrin Carlidge da moito máis escura *Naked*, onde o humor que flúe, e relaxa algo o ambiente do filme que hoxe verán, xa nin está nin se agarda que estea.

José Luis Losa

SINOPSIS Londres, mediados de los ochenta, los últimos coletazos de la primera ministra, Margaret Thatcher, han provocado la muerte de ciertos ideales. Frente a este panorama grisáceo, un pequeño grupo humano, sensiblemente confundido, sin gusto, sigue albergando grandes esperanzas.

HIGH HOPES: TIGRES DE PAPEL

High Hopes, el segundo largometraje en el que Mike Leigh se revela como el más radical fustigador del *Maggie-way-of-life* (la contrarrevolución conservadora abanderada por la Dama de Hierro) es, en realidad, su primera obra realizada para la gran pantalla, porque *Meantime* (su espléndida ópera prima, que se podrá ver también este ciclo) fue originalmente realizada para televisión y solo su entidad de cine grande y el estrellato posterior de su proteico reparto —Gary Oldman, Alfred Molina, Tim Roth— contribuyeron a darle la visibilidad que hoy posee.

Del absoluto anonimato, y ahí siguen, más allá del recuerdo que se tenga de sus personajes de desesperanzados idealistas, provienen los protagonistas de *High Hopes*: cuando hablan, en sus diálogos —en apariencia derivativos, espontáneos, pero producto de un guion férreo— se respira el derrotismo de lo que fueron arengas y ahora suenan como lamentos. Ellos representan

lo que fue el siglo de las ideologías fuertes (o de sus esquejes más frágiles; hay, a costa del trotskismo de uno de ellos, algún sarcasmo afilado), ahora arrumbado por el vendaval ya entonces neo o paleo-com.

Estos quijotescos idealistas hablan desde el desamparo, desde el desconcierto, desde el frío corporal del que no los preservan ni sus prendas de lana tan andinas y sesentayochistas. De estos diálogos de rojos de salón o de acera y lucha real se entiende que no han superado que el *no pasarán* ha quedado desbordado por el *blitzkrieg* del *ya hemos pasao*. Y, dato no anecdótico, este drama sardónico, o esta corrosiva comedia —como mejor se quiera ver *High Hopes*, cuya ironía anida ya en su título— está filmada unos meses antes de que el Muro de Berlín sea derribado. *Ya han pasado* y lo que queda es la palabra, como Blas de Otero sustentaba



de manera combativa y como también Mike Leigh filma con bastantes más dudas sobre su validez en términos de pragmatismo. A estos tigres de papel de *High Hopes* les queda —es irrefutable— el verbo afilado, la capacidad para autocompadecerse. Y la palabra como autodefensa frente a esa pareja reconvertida al thatcherismo que enlaza directamente con el sádico personaje que satisfacía sus apetitos sexuales, como derecho de pernada, con la malograda Katrin Carlidge de la mucho más oscura *Naked*, donde el humor que fluye, y relaja algo el ambiente del film que hoy verán, ya ni está ni se lo espera.

José Luis Losa

